

ARTE



Miguel Pereira, na súa exposición titulada 'Placebo' que se pode contemplar na galería José Lorenzo de Santiago de Compostela

A.H.

Miguel Pereira, harmonioso equilibrio

Dispoñer de tempo, te-la intelixencia precisa para aproveitalo, coñecerse a si mesmo, como preconizaba o sabio Solón, é máis propio de seres relaxados e equilibrados que dos que viven atafegados nunha morea de quefaceres. O pintor Miguel Pereira (Madrid, 1949) pode permitirse o luxo de mirar o pasado coa serenidade de quen "fixo os deberes" e afronta-lo futuro coa ilusión do moito que aínda está por vir.

Anque é tardiamente cando o autor se dedica á pintura, non é casual nun home familiarmente unido ó artístico. Fixo teatro, estudou antropoloxía, impulsou magnas exposicións e ademais tivo un protagonismo importante mediante un eficaz labor como editor.

Había moitos anos que este pontevedrés de corazón e sentimento, anque nado en Madrid, tiña fame de pintura. Alimentouse dela na xusta medida para non quedar saciado e seguir delitándose no que lle resulta delicioso e fai perpetua-lo seu gozo artístico. Só un gusto refinado e elegante podía revivir imaxes que recordan ós antigos códices e beatos minia-dos, ós que remitian as súas primeiras incursións pictóricas. Unha época chea de concesións a varios referentes históricos entre os que se podería cita-lo movemento pop ou a pintura prehistórica.

A súa pintura actual, exhibida na compostelá galería José Lorenzo, é máis abstracta, moito máis simplificada, relegando todo rastro de figuración a un segundo plano, nun proceso similar ó seguido por outros autores como Klee ou

Miró. Perfis liñais vanse desdebuxando e borrando a poder de manchas, fregados e refregados vinculados á pintura xestual.

As propias cores, outrora tan definidas, perden as súas fronteiras ó mesturarse con cinzas ou po de mármore. Fanse menos vivas, perden forza porque foron atrapadas polo tempo, tan fuxitivo como os anos.

Colorido e suavidade na factura ben poderían suxerir unha ollada que apunta cara á luz, peneirada polas chuvias e néboas da terra onde se desenvolve o seu traballo: Pontevedra. Tenues harmonías cromáticas desvelan retallos íntimos; motivos cun especial sentido alegórico que proceden máis ben da memoria.

Ese caixón do recordo acubilla a pequenos habitantes flotando en mares de densos óleos. Motivos que activan a vida desta pintura tan emblemática como os cabaliños de mar, ou os que parecen ser équidos e bóvidos de capital importancia para a arte das cavernas, esparéxense ou ondean no lenzo en harmonioso equilibrio entre a abstracción e a representación. Motivos que reaparecen por outras composicións, non como alusións ó mundo visible senón como simples pretextos para o xogo plástico.

Para o artista, a arte nace como algo lúdico. Estudando profundamente a antropoloxía do xogo ve nas accións maduras o reflexo dos impulsos primarios infantís.

Moito do que Miguel Pereira pinta, convértese en tira ou en cinta de celulo-

de ou compón quebracabezas de catro, seis ou ata quince pezas, intentando encontra-lo rigor de experiencias, como o sono. "Primeira penetración na masa encefálica" arranca desde o estado de presomnolencia ata o espertar. No medio dunha noite. Cada cuadrícula é un lugar para a fantasía e imaxinación formada en toda cabeza pensante. Cadros pequenos van establecendo un diálogo entre si, que non quere significar que só adquiren sentido cando están xuntos; funcionan como pezas independentes anque entre elas haxa vínculos moi claros e nexos de unión perfectamente definidos.

O traballo de Miguel Pereira responde a un mundo privado; un mundo que mestura o sentido co imaxinado. Rebusca en determinados motivos sabendo extraerlle a alma a todos eles, indo máis alá da súa pel anque o espectador os vexa como fantasmas de pensamentos, caprichos ou anhelos que case desaparecen engulpidos pola inmensidade do contorno.

Moitas formas un tanto biomórficas apelan ás propostas por artistas como Tanguy, pero ó lado delas o brusco azar pode desviar-la saída imperiosamente a referentes moito máis afastados no tempo, próximas a culturas prehelénicas.

Moitos artistas, vendo que a súa obra na abstracción total, reorientaron a súa pintura, polo momento, Miguel Pereira vai seguir divertíndose coa arte e sorprendendo a súa cada día máis ampla "afección".

Fátima Otero

CINE

Unha lisca de luz

Milo Addica e Will Rokos construíron para 'Moster's Ball' un guión implacable, duro, sobrio, directo, que case magoa nos ollos. Recollen na súa historia o odio, o racismo, o fracaso, o tedio de moitas vidas e a irracionalidade da pena de morte perfectamente instalada nunha aséptica e repugnante meticulosidade burocrática. Non é de estrañar que este guión dera voltas polos estudos ata que Lee Daniels decidise que Mac Forster había de ser quen dirixise película tan fera e sen concesións.

'Moster's Ball', a pesar de certos altos e baixos e dalgunha incongruencia no cambio repentino de vida de Hank, o protagonista, é cine do bo. Cine para ver cos ollos limpos, para saborear no padal os seus longos planos-secuencia, os seus silencios elocuentes, a súa poucada pero decidida desbrozadora de emocións e sentimentos fondos. Non cómpren para este tipo de cine longos parlamentos nin afiadidos diálogos. Abonda con acompañar coa mirada o rostro dos personaxes, a soidade da paisaxe, o baleiro duns ollos vellos comestos polo desprezo ó outro como arrouto do propio fracaso.

A película conta con dúas partes ben diferenciadas. Na primeira, Hank (Billy Bob Thornton) e a súa familia, introducidos nunha penitenciaría onde se vai asasinar con descargas eléctricas a un negro (faltaría máis).

Unha cámara bistori abre en canal a podrencia de práctica tan abominable ó tempo que nos descobre o tedio, o racismo e a insatisfacción dos seus executores e da sociedade na que viven. Pero a partir da execución e dunha desgracia (tal vez un exceso das variables trágicas do filme) que lle acontece a Hank, a historia adquire paulatinamente unha miiga de luz. Luz por unha decisión drástica, definitiva, desas non de todo xustificadas que acontecen cando un ser toca o fondo, que é o que lle sucede a Hank; e luz porque aparece a figura de Leticia interpretada por Halle Berry. Hank e Leticia, tocados e movidos pola necesidade dunha miiga de calor, de tenura e acougo, coinciden no tacto, na mirada, na mínima esperanza que agroma ás veces da máis fonda negrura de vivir.

Un filme que utiliza materiais consistentes transformados en firme e sobrio edificio visual perfectamente interpretado por Billy Bob Thornton, Peter Boyle e Halle Berry.

E si, todo o que lesen ou oisen sobre a escena de encontro abandono entre os dous protagonistas, non tanto a conclusión sexual, senón a preparación emocional, é realmente digna de ver, en silencio, en relixioso silencio.

Miguel Suárez Abel